

MEMORIA DO DISTINTIVO DE GALEGUIZACIÓN:

Distintivo concedido na primeira edición (2024)

A asignación económica derivada do distintivo de galeguización empregámola na realización das seguintes actividades. As primeiras estiveron destinadas a asociar a lingua galega a recursos educativos lúdicos e de utilidade para o noso alumnado, no exercicio da súa futura profesión: mestres e mestras de Infantil e Primaria, educadores e educadoras sociais e traballadores e traballadoras sociais. A última actividade, realizada xa neste curso 2024-25, tiña como obxectivo celebrar o orgullo de sermos galegofalantes, ofrecéndolle ao noso alumnado referentes de emprego do galego en actividades atractivas para a xente nova, como poden ser o humor (Touriñán) e a música (Factoría de subsistencia). Ademais, aproveitamos esta “Festa da lingua” para presentar os primeiros datos sobre o impacto do plan de galeguización entre os nosos estudantes dos graos de Educación Infantil e Primaria.

28/02/2024: Aula aberta “Aprendermos xogando con Brazolinda”, organizada en tres quendas de dúas horas de duración cada unha (ANEXO I, páx. 2).

GASTO: 300 + 150 euros.

10/03/2024: Obradoiro “A Arte de contar contos”, a cargo de Bea Campos, de cinco horas de duración (ANEXO II, páx. 4).

GASTO: 485 euros.

21/03/2024: Aula aberta “A descuberta de nós con O Zoco”, de catro horas de duración (ANEXO III, páx. 6).

GASTO: 200 euros.

18/04/2024: Espectáculo “A todo Risco”, a cargo de Avelino González e coa colaboración da Fundación Vicente Risco (ANEXO IV, páx. 8).

GASTO: 300 euros (+ 300 euros da Fundación Vicente Risco).

22/11/2024: “Festa da lingua”, coa intervención de Touriñán e Factoría de subsistencia. Despedida con actividade interactiva para comprometérmonos a aumentar o noso uso do galego (ANEXO V, páx. 11).

GASTO: 1500 euros (+ apoio económico da FETS).

TOTAL: 2935 + 65 euros (impresións, difusión e materiais para os obradoiros).

ANEXO I

Universidade de Vigo

ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL

Curso 2023 - 2024

MEMORIA da actividade “Aprendermos xogando con Brazolinda”.

Cartel empregado na difusión da actividade, dispoñible no apartado “Actualidade” da web da Facultade: <https://fcce.uvigo.es/gl/evento/aula-aberta-aprendermos-xogando-con-brazolinda/>



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do Campus
de Ourense

Área de Normalización
Linguística

Facultade de Educación e
Traballo Social



Título: Aula aberta: Aprendermos xogando con Brazolinda (PLAN DE GALEGUIZACIÓN DOS TÍTULOS).

Centro: Facultade de Educación e Traballo Social.

Destinatarios: Alumnado de todos os títulos do centro, en particular de Educación Infantil e Primaria, mais tamén de Educación Social e Traballo Social

Lugar de celebración: Aula 0.0. do Edificio de Ferro.

Data: 28/02/2024

Obxectivos:

- Valorizar o xogo colaborativo como patrimonio cultural
- Experimentar as potencialidades do xogo de mesa como medio para a promoción de valores positivos en contextos educativos e sociais
- Sensibilizar cara á interculturalidade a través de expresións lúdicas e colaborativas
- Promover as relacións interxeracionais a través do xogo de mesa
- Reflexionar sobre as potencialidades do xogo colaborativo para a promoción de valores dunha cultura da paz e de xustiza social
- Contribuír á normalización cultural a través das expresións baseadas nos xogos populares

Programa:

- 28 de febreiro do 2024, de 10:00 a 14:00 horas: Sesión interactiva dividida en dúas quendas de dúas horas cada unha, na que o alumnado foi convidado a experimentar cos distintos xogos que nos trouxo Irimia Fernández. Propuxémoslles aos alumnos e alumnas, que a raíz desta experimentación, tomasen notas sobre as posibilidades de aplicación práctica dos distintos xogos nas súas futuras profesións, a idade á que consideraban que mellor se adecuaba cada xogo etc.
- 28 de febreiro do 2024, de 16:00 a 18:00 horas: Terceira quenda da sesión interactiva para experimentar cos diferentes xogos.

Financiamento: Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría Campus Auga (a través do programa de actividades culturais e dentro do plan de galeguización), cun custe de 300 euros.

Valoración:

A actividade desenvolveuse de xeito moi satisfactorio, cunha elevada asistencia por parte do alumnado, con participación de estudantes dos catro graos que se imparten na Facultade, o que resulta indicativo do éxito da actividade e da súa interdisciplinariedade.

ANEXO II

Universidade de Vigo

ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL

Curso 2023 - 2024

MEMORIA da actividade “Iniciación á arte de contar contos”.



Universidade de Vigo

Vicerreitoría do Campus de
Ourense - Campus Auga

Área de Normalización
Lingüística

Facultade de Educación
e Traballo Social

Cartel empregado na difusión da actividade, dispoñible no apartado “Actualidade” da web da Facultade: <https://fcce.uvigo.es/gl/evento/aula-aberta-iniciacion-a-arte-de-contar-contos/>

Título: Aula aberta: Iniciación á arte de contar contos (PLAN DE GALEGUIZACIÓN DOS TÍTULOS).

Centro: Facultade de Educación e Traballo Social.

Destinatarios: Alumnado de todos os títulos do centro, en particular de Educación Infantil e Primaria, mais tamén de Educación Social e Traballo Social

Lugar de celebración: Aula 1.4. (exposición) e aula 0.0. (obradoiro).

Data: 10/04/2024

Obxectivos:

- Coñecer as potencialidades da narración oral para o proceso do ensino-aprendizaxe de educación infantil e primaria.
- Desenvolver a expresión oral. Ritmo, pausas, ton, dicción e creación de personaxes.
- Experimentar co movemento expresivo.
- Valorizar a tradición oral e o legado cultural.
- Coñecer os contos tradicionais, os álbumes ilustrados.
- Experimentar con ferramentas para contar historias:.
- Promover o coñecemento da contorna e as expresión culturais galegas.
- Promover as relacións interxeracionais a través do xogo de mesa.
- Contribuír á normalización cultural a través das expresións orais e a tradición dos contos populares

Programa:

- 10 de marzo do 2024, ás 13:00 horas: Iniciación á arte de contar contos. Exposición. A cargo de Bea Campos.
- 10 de marzo do 2024, ás 16:00 horas: Iniciación á arte de contar contos. Obradoiro. A cargo de Bea Campos.

Acreditación: Ao alumnado que asistiu ás dúas sesións (mañá e tarde), acreditámosllo mediante un diploma de cinco horas.

Financiamento: Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría Campus Auga (a través do programa de actividades culturais), cun custe de 485 euros.

Valoración:

A actividade desenvolveuse de xeito moi satisfactorio, cunha elevada asistencia por parte do alumnado (62 inscritos), aínda que todos os participantes pertencían aos graos de Educación

Infantil e Primaria. Polo tanto, para futuras edicións desta actividade, o principal reto que nos propoñemos é a integración de alumnado das outras dúas titulacións da nosa Facultade (Educación Social e Traballo Social).

A combinación dunha sesión expositiva, pola mañá, e outra práctica, pola tarde, resultou moi acertada. Ademais, o feito de dividir o alumnado en dúas quendas para a sesión práctica (obradoiro), permitiunos crear grupos máis reducidos, o que fomentou a interacción e a participación activa do alumnado, nunha actividade na que é fundamental a aplicación dos coñecementos aprendidos.

ANEXO III

Universidade de Vigo

ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL

Curso 2023 - 2024

MEMORIA da actividade “A descuberta de nós con OZOCO”.



Cartel empregado na difusión da actividade, dispoñible no apartado “Actualidade” da web da Facultade: <https://fcce.uvigo.es/es/evento/aula-aberta-a-descuberta-de-nos-con-ozoco/>

Título: AULA ABERTA. A descuberta de Nós con OZOCO (PLAN DE GALEGUIZACIÓN DOS TÍTULOS).

Centro: Facultade de Educación e Traballo Social.

Destinatarios: Alumnado de todos os títulos do centro, en particular de Primaria, mais tamén de Educación Infantil, Educación Social e Traballo Social.

Lugar de celebración: Aula 0.0.

Data: 21/03/2024

Obxectivos:

- Valorizar o xogo de mesa sobre a cultura galega como patrimonio cultural.
- Experimentar as potencialidades do xogo de mesa como medio para a promoción de valores positivos en contextos educativos e sociais.
- Promover o coñecemento da contorna e as expresión culturais galegas.
- Promover as relacións interxeracionais a través do xogo de mesa.
- Reflexionar sobre as potencialidades do xogo colaborativo para a promoción de valores dunha cultura da paz e de xustiza social.
- Contribuír á normalización cultural a través das expresións baseadas nos xogos de mesa.

Programa:

- De 10:00 a 14:00 horas, en dúas quendas de dúas horas: breve explicación das dinámicas dos xogos e experimentación posterior en grupos de catro ou cinco estudantes. Xogos propostos: *Ti non es de aquí*, *Xúnior*; *Galiza no Tempo*; *Vacaloura*.

Financiamento: Universidade de Vigo, a través da vicerreitoría Campus da Auga, (dentro do programa de actividades culturais), cun custe de 200€

Participantes:

- Aproximadamente 40 alumnos e alumnas, distribuídos en dúas quendas, co fin de facilitar a posta en práctica dos xogos propostos.
- Profesorado das materias de linguas: Fernando Dacosta, Mercedes González, Ana Iglesias, Carla Míguez e Isabel Mociño.

Difusión en medios.

Actualidade:

<https://fcce.uvigo.es/es/evento/aula-aberta-a-descuberta-de-nos-con-ozoco/>

Axenda:

<https://novo.uvigo.gal/universidade/comunicacion/axenda/aula-aberta-descuberta-ozoco>

Facebook:

https://www.facebook.com/story.php/?story_fbid=916436357157135&id=100063723364623&_rd=1


ANEXO IV

A TODO RISCO

FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL UNIVERSIDADE DE

VIGO - curso 2023-2024

Cartel empregado na difusión da actividade, dispoñible no apartado “Actualidade” da web da Facultade: <http://fcce.uvigo.es/gl/evento/espectaculo-a-todo-risco/>



Espectáculo

“A todo Risco”

de **Avelino González**

Xoves,
18 de abril de 2024
ás **13:00** h

Universidade de Vigo
Edificio de Ferro
CAMPUS DE OURENSE

*Falar de Risco non é só falar de Risco,
nin sequera falar só da #XeraciónNós,
é tamén falar de nós. E de ti.*

*A #XeraciónNós era xente, iso, coma nós. Coma ti:
soñadora e tamén medosa e insegura. Pero
combateron o medo e a inseguridade coa
curiosidade.*

*E Vicente Risco foi unha persoa moi curiosa
(en todos os sentidos), coma nós. Coma ti.
Así chegaron a ser algo moi difícil: orixinais.
E ser orixinal é un deporte de... Risco.*

1884 · 2024
aniversario do
nacemento de
Vicente Risco

Campus de Ourense
Campus da Auga
Universidade de Vigo

 **Fundación
Vicente Risco**



<https://www.fundacionvicenterisco.com/a-todo-risco/>

Título: A todo Risco (PLAN DE GALEGUIZACIÓN DOS TÍTULOS).

ORGANIZACIÓN: Ana Iglesias Álvarez, Isabel Mociño González.

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Aula 1.4, Edificio Facultades.

DATAS DE CELEBRACIÓN: 18 de abril de 2024.

DESTINATARIOS/AS: alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social,
comunidade universitaria e público en xeral.

PARTICIPANTES:

Estudantado do grao de Educación Primaria: 60

Estudantado do grao de Educación Infantil: 34 TOTAL: 94

estudiantes

Profesorado de ambos os títulos presente na actividade: Almudena Alonso, Fernando

Dacosta, Mercedes González, Ana Iglesias Álvarez, Carla Míguez e Isabel Mociño

OBXECTIVOS ACADADOS :

Os obxectivos desta actividade considéranse acadados, dado que con esta acción se logrou, tal como se indicaba na memoria de solicitude:

- Promover a normalización lingüística a través da figura de Vicente Risco
- Valorizar a tradición oral e o legado cultural
- Promover a aproximación á obra das figuras senlleiras da cultura galega
- Promover o coñecemento da contorna e as expresión culturais galegas
- Fomentar a colaboración entre a Universidade e as institución da contorna, neste caso a Fundación Vicente Risco

FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE

O financiamento da actividade procede dunha colaboración coa Fundación Vicente Risco, que asume unha parte do custe da acción no marco dun programa de colaboración con diferentes institucións educativas. A Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría Campus Auga (dentro do programa de actividades culturais), asumiu un custe de 300€

DIFUSIÓN EN MEDIOS

Actualidade:

<http://fcce.uvigo.es/es/evento/espectaculo-a-todo-risco/>

Axenda:

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/agenda/espectaculo-todo-risco>

NósTV:

<https://nostelevision.gal/a-todo-risco-un-espectaculo-de-avelino-gonzalez-co-que-celebrar-o-140-aniversario-do-galeguista/>

Fundación Vicente Risco: [https://](https://www.fundacionvicenterisco.com/a-todo-risco/)

www.fundacionvicenterisco.com/a-todo-risco/

ANEXO V

Universidade de Vigo

ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL

Curso 2024 - 2025

MEMORIA da actividade “Festa da lingua”.

Cartel empregado na difusión da actividade, dispoñible no apartado “Actualidade” da web da Facultade: <http://fcce.uvigo.es/gl/evento/festa-da-lingua/>



Título: Festa da lingua: celebrando o noso distintivo de galeguización (PLAN DE GALEGUIZACIÓN DOS TÍTULOS).

Centro: Facultade de Educación e Traballo Social.

Destinatarios: Alumnado de todos os títulos do centro e aberto tamén a toda a cidadanía.

Lugar de celebración: Sala Emilia Pardo Bazán (Edificio de Ferro).

Data: 22/11/2024, 11:00 horas.

Obxectivos:

- Presentación os primeiros datos dos resultados da aplicación do plan de galeguización nos graos de Educación Infantil e Primaria desde o curso 19-20.
- Vinculación da lingua galega con referentes actuais e atractivos para a xente nova, nos ámbitos do humor e da música.
- Afondamento nunha imaxe positiva da lingua, máis alá dos ámbitos educativo e laboral.
- Empoderamento dos galegofalantes e fomento da incorporación ou aumento do galego no repertorio lingüístico dos que aínda son maioritariamente castelanfalantes.
- Debate sobre as posibilidades de medrar profesionalmente na nosa lingua, presentándoa como un activo en lugar dun obstáculo.
- Reflexión sobre a necesidade dunha política lingüística activa e potenciadora do galego tanto a nivel macro, como meso e micro.
- Difusión dunha maior concienciación lingüística.

Programa:

- Inauguración da xornada a cargo da vicerreitora de extensión universitaria Susana Reboreda.
- Presentación dos resultados da aplicación do plan de galeguización na promoción que ingresou no curso 19-20, dos graos de Educación Infantil e Primaria, a cargo da vicedecana de normalización da Facultade de Educación e Traballo Social Ana Iglesias.
- Actuación musical: Factoría de Subsistencia.
- Entrevista de Fernando Dacosta, profesor da Facultade de Educación e Traballo Social e actor da compañía Sarabela Teatro, a Xosé A. Touriñán.
- Actuación musical: Factoría de Subsistencia.
- E para rematar, “Comprometémonos coa nosa lingua”, photocall no que cadaquén se fai unha fotografía visibilizando o seu compromiso coa lingua galega.

- Pinchos, servidos pola cafetería Bocados.

Financiamento: Universidade de Vigo, a través da vicerreitoría de extensión universitaria (distintivo de galeguización), cun custe de 1500 euros.

Valoración:

A actividade cumpriu as expectativas, pois consideramos que conseguimos combinar diversión con concienciación lingüística. A pesar de realizarse un venres pola mañá, co fin de que non se solapase coa docencia, a asistencia foi elevada, non só por parte do alumnado, senón tamén do profesorado e, incluso, dalgunhas persoas non pertencentes á Facultade. De feito, a participación do alumnado debeu ser maior, pero custa moito mobilizalos fóra do horario de clases. A intervención de Factoría de subsistencia conseguiu facernos vibrar nos asentos e a entrevista a Touriñán espertou un interesante e polémico debate, no que participou moita xente do público.

Por último, moitos dos asistentes quixeron ser fotografados co seu “globo” personalizado e coa mascota da Universidade de fondo. Todo isto foi difundido posteriormente a través das redes da Facultade, Facebook e Instagram, o que supuxo unha continuidade do labor de concienciación lingüística.

Difusión da actividade:

- Anuncios previos de Fernando Dacosta, Factoría de Subsistencia e Touriñán:

<https://www.facebook.com/reel/948014373855482>

<https://www.facebook.com/reel/830062569082360>

<https://www.facebook.com/reel/1100718681555414>

- Noticia no DUVI do acto final de celebración do distintivo Gal-ego, a nosa “Festa da lingua”:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/celebrando-orgullo-ser-galegofalantes>

- Vídeo-resumo sobre a Festa da lingua para as redes sociais da Facultade:

<https://www.facebook.com/reel/579892287860406>

- Vídeo-resumo sobre a “Festa da lingua” en UvigoTV:

<https://tv.uvigo.es/video/67450fa27af6795d1e38df12>

- Ligazón ás fotos dos nosos “compromisos” coa lingua:

https://www.facebook.com/story.php?story_fbid=1100348365423614&id=100063453826704&mibextid=WC7FNe&rdid=8USOxqeECmkAaeCI

https://www.facebook.com/story.php?story_fbid=1101109448680839&id=100063453826704&mibextid=WC7FNe&rdid=FAqTrj0lO2Z2FuSM